

CCR/Ra/Ms



Data Rexistro: 01/12/2023 12:07:19
Nº Rexistro: 2023000758



MINUTA

Na sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial, do día 24 de novembro de 2023, formuláronse os seguintes rogos ou preguntas polo deputado D. Gorka Gómez Díaz:

18.8098.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Sr. Presidente.- E pasamos ao punto número 18 que é Rogos e Preguntas. ...

...

Sr. Presidente.- ... Ten a palabra D. Gorka Gómez.

Sr. Gómez Díaz.- Grazas Presidente. Bos días a todos e todas. Bueno, ante a polémica suscitada no día de onte pola falta de transparencia co escándalo acontecido coa venta de entradas do partido da selección feminina española en Pasarón, queríamos preguntar: ¿cando pensa o Presidente da Deputación dar explicacións sobre este tema?, e saber, ¿cantas entradas foron postas á venda?, e ¿cantas entradas recibiu a Deputación?, e ¿con que criterios se repartiron esas entradas? Gracias.

Sr. Presidente.- ... fixeches catro preguntas.

Sr. Gómez Díaz.- Non, é unha.

Sr. Presidente.- Non, non, eu aplico a fórmula que tiña a anterior Presidenta, creo que van catro preguntas. Formula tres. Así que ¿cal deixamos das catro sen ...?. Son catro as formuladas. ¿Cal deixamos sen ...?

Sr. Gómez Díaz.- ¿Cando vai a dar explicacións o Presidente sobre as entradas recibidas pola Deputación e o seu reparto?

Sr. Presidente.- Vale. Moi ben. ...

...

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

O Secretario

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)

D. Gorka Gómez Díaz.- Deportes.- Presidencia.- Montserrat Otero Oitavén (Presidencia).- Secretario.- Central.-



Preguntas efectuadas polo deputado do Grupo Provincial Socialista, D. Gorka Gómez Díaz, na sesión ordinaria do pleno da Deputación de Pontevedra celebrada o día 24 de novembro de 2023:

1ª PREGUNTA:

¿Cantas entradas foron postas á venda? (Referíndose á venda de entradas do partido da selección española feminina de fútbol en Pasarón)

RESPOSTA:

A venda de entradas do partido oficial da selección española feminina "España vs. Italia" da Nations League Feminina correspondeu á Federación Española de Fútbol.

2ª PREGUNTA:

¿Cantas entradas recibiu a Deputación?

RESPOSTA:

As necesarias para atender aos compromisos institucionais de carácter protocolario.

3ª PREGUNTA:

¿Con que criterios se repartiron esas entradas?

RESPOSTA:

Atendendo a criterios de representación institucional.

